

NO DÍA DA TERRA, ADEGA, A FEG E A SGHN DEMANDAN Á XUNTA QUE APROBE A AMPLIACIÓN DA REDE NATURA 2000 GALEGA

Feijóo e Hernández prometeron a ampliación da Rede Natura galega que, ao non aprobarse, perde 842 ha ao decaer a ZEPVN Miño-Neira

22 de abril de 2014, Día da Terra. O recente anuncio do Conselleiro de Medio Ambiente de non ampliar a Rede Natura 2000 “*nun curto prazo*” revela outro dos incumprimentos da Xunta na “xestión” do noso medio ambiente.

Malia a ter vendido reiteradamente unha misérrima ampliación (ao 14%), sensiblemente inferior á presentada en 2008 (18%), e mesmo prometer no programa electoral de 2012 que a Rede Natura ía alongarse para sacar a Galiza do último posto en porcentaxe de superficie con esta figura de protección no estado, agora resulta que “*non é unha das súas prioridades*”.

Prometeran tamén no Consello Galego de Medio Ambiente (COGAMADES) e mesmo en sé parlamentar que a ampliación, cuxa tramitación concluíu en 2012, iría paralela á do Plano Director que, por imperativo legal e baixo ameaza de expediente por parte da Comisión Europea, a Xunta tiña que ter entregado en 2010. Outra promesa incumprida.

Logo de aprobar hai uns días un Plano Director hiper-permisivo e discrecional para converter en papel mollado a protección dos nosos espazos naturais máis senlleiros, semella que seguir cumprindo (aínda que sexa formalmente) con Europa, que instou repetidamente á Xunta a ampliar determinados hábitats, xa “*non é unha das súas prioridades*”: Unha temeridade que pode saírnos moi cara.

Acontece que a Comisión Europea considerou insuficiente (Decisión 2004/813/CEE, DOUE 29-12-2004, e Decisión 2006/613/CE, DOUE 21-09-2006) a representatividade de determinados hábitats das rexións bioxeográficas atlántica e mediterránea, presentes en Galiza: Queirogais húmidos atlánticos con *Erica ciliaris* e *E. tetralix* (Nat-2000 4020*), Turbeiras altas activas (Nat-2000 7110*) ambos os dous prioritarios, e o hábitat de interese comunitario Mires de transición (Nat-2000 7140); así como os Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Nat-2000 91E0*), tamén prioritario, e os Prados de sega de baixa altitude (Nat-2000 6510).

O incumprimento das esixencias da Comisión Europea pon á Xunta diante dun novo proceso de infracción da lexislación comunitaria, e que podería rematar en sancións e importantes multas. As consecuencias do irresponsábel proceder da Xunta pódese acabar pagando non só os nosos espazos naturais senón tamén o peto dunha cidadanía xa precarizada pola crise ao ter que afrontar Galiza o custo das multas ou a perda de fondos europeos por desatender os requerimentos da Comisión.

A negativa a ampliar a Rede Natura ten tamén outra consecuencia: Perdemos un espazo protexido, as 842 ha da ZEPVN Miño-Neira. Este espazo, declarado provisionalmente por 3 anos en 2007 como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais mediante Orde de 21/12/2007 (DOG 14-1-2008), estaba incluído na proposta de ampliación de 2008 con 18.210 ha, que a actual Xunta reducira a 842 ha na súa proposta de 2011 e agora queda nun caixón. Ao renunciar á ampliación que consolidaría o LIC, a declaración de zona protexida caducou en 2011 e, polo tanto, os valores naturais que motivaron a súa declaración provisional fican sen protección.

As organizacións asinantes demandamos pois da Xunta que cumpra o seu compromiso e non demore máis a ampliación da maltreita Rede Natura 2000 galega. Coa tramitación xa rematada, coas advertencias de insuficiencia por parte de Europa, renunciar á ampliación da RN2000 por pequena que sexa suporía unha gravísima irresponsabilidade e un intolerábel desleixo para co noso patrimonio natural.

Asinan:

